



# Nomes, topónimos e apelidos: camiños de ida e volta

---

## Personal names, place names and surnames: two-ways journeys

Ana Isabel BOULLÓN AGRELO<sup>1</sup>

**RESUMO:** Unha das principais causas denominativas na toponimia é o recurso aos nomes persoais, ben sexa a partir do nome do propietario ou dunha persoa que por algunha razón estea vinculada co lugar, ben a partir dun haxiónimo. Velaí as principais vías de creación topoantroponímica, que se verán neste traballo con máis pormenor, con atención aos distintos procedementos empregados nas sucesivas etapas históricas e ao seu peso cuantitativo na toponimia maior actual, reflectida no *Nomenclátor de Galicia*. Estúdase especificamente a antroponimia feminina, para ver cal é o seu peso no conxunto e cales son os condicionantes sociais e xurídicos, amais do tipo de nomes implicados. Ademais, dáse conta da reconversión dos topónimos en designación de persoas cando pasan a ser apelidos ou nomes de pía.

**PALAVRAS-CHAVE:** Toponimia. Antroponimia. Lingüística histórica. Etimoloxía.

**ABSTRACT:** One of the main sources of the creation of place names is the use of personal names. It can be from the owner's name or from a person that is related for any reason to the place, or from a haxionym. These two ways will be seen in this article with more detail: the different procedures used in the successive historical stages and the quantitative weight of the personal names in the current Galician toponymy (*Nomenclátor de Galicia*). Besides, specific attention will be paid to the female personal names: its significance in the total of place names and the juridical and social constraints, and the kind of names involved. Furthermore, the reconversion of place names to refer to people, when they become in surnames or in personal names will be considered.

**KEYWORDS:** Place names. Personal names. Historical linguistics. Etymology.

## Introdución

Os topónimos con orixe en nomes de persoa supoñen algo máis dunha cuarta parte do corpus da toponimia galega, segundo unha estimación feita a partir das formas distintas que aparecen no *Nomenclátor de Galicia* (en diante, NG)<sup>2</sup>. Dentro destes conxunto podemos distinguir dous grupos ben diferenciados e de desigual incidencia proporcional. O máis numeroso é a dos nomes de posesores, así chamados de maneira xenérica, aínda que non sempre impliquen relación de posesión entre o territorio nomeado e a persoa da que recibe o nome. En segundo lugar está a haxiotoponimia, que revela a grande incidencia da relixión cristiá na conformación da sociedade galega. Nas seccións sucesivas iremos desenvolvendo as principais características destes dous grupos.

---

<sup>1</sup> Universidade de Santiago de Compostela – USC – Instituto da Lingua Galega – Galicia – España. E-mail: ana.boullon@usc.es

<sup>2</sup> O NG consta de 41.374 formas toponímicas. Unha vez reducida a variación (as formas repetidas, a presenza/ausencia do artigo e de adxectivos moi recorrentes como *Arriba/Abaixo*, *Novo/Vello*), resultaron unhas 15.700 formas diferentes, que foron clasificadas segundo a súa procedencia etimolóxica e a súa tipoloxía semántica (véxase BOULLÓN AGRELO, no prelo).



## Os topónimos procedentes de nomes de persoa

Os topónimos que proceden dos nomes de persoas denotan unha relación co territorio nomeado, normalmente de pertenza. Amais de seren moi numerosos (arredor do 21% do total) son moi antigos. Joseph M<sup>a</sup> Piel, un dos máis importantes estudosos da toponimia galega e portuguesa, explicábao deste xeito:

Desde que o mundo é mundo, o homen comprazeu-se em dar o seu nome à terra que ocupava e cultivava. ... Quando não é o próprio possuidor que procede a tal denominação, nada mais natural do que o façam os seus vizinhos, chamando um lugar «propriedade de fulano». São estas as razões por que os antropónimos, antigos e modernos, entram em tão larga escala na toponímia de todos os países. O seu estudo é particularmente instructivo, não só por nos esclarecerem sobre a forma como se nomearam os homens que em eras remotas habitavam determinado país, mas também por contribuir eficazmente para a solução de problemas de história do povoamento. (PIEL, 1949, p. 145-146).

Entre os topónimos procedentes de nomes persoais poden distinguirse polas súas características morfolóxicas os chamados tradicionalmente *topónimos de posesores*, formados a partir de sufixación ou dun resto casual da declinación latina, normalmente o xenitivo.

O procedemento máis antigo, da época galaico-romana, consistía na adxunción do nome en función adxectiva co sufixo latino –ANA a un primeiro elemento, normalmente *villa*, elidido case sempre na consolidación do topónimo: (VILLA) MARTIANA > *Marzá*. Atópanse mostras deste tipo de formación por toda a península, pero no territorio galego foi máis produtivo o procedemento que resulta da xustaposición do nome persoal en xenitivo a un primeiro elemento que pode ser *villa* ou outro semellante. Así, *Vilachambre* < VILLA FLAMMULAE, *Vilalvíte* ou simplemente *Alvíte* < VILLA ALVITI. Este tipo de denominacións orixinouse no noroeste da península ibérica entre os séculos VII e XI: a partir desta última data deixa de ser produtivo. Coincide co definitivo fin do mundo tardorromano e o nacemento do altomedieval, baseado en poderes locais e comunidades aldeás, nun proceso global en toda Europa. (SÁNCHEZ PARDO, 2013, p. 32).

En Galicia hai máis de 2.100 topónimos deste tipo (un 16% do total). O máis común é que os resultados non porten o elemento previo, pero cando este aparece o máis frecuente é VILLA, con máis de 160 topónimos; isto supón o 7% dos topónimos des posesores (*Vilaxán* < lat.-heb. VILLA IOHANNIS, *Vilamariz* < xerm. VILLA MALARICI). Os restantes elementos que forman parte destas denominacións, ordenados por frecuencia, son:

- ✓ VILLARE (30 topónimos, pouco máis do 1%): *Vilarbuxán* < lat. VILLARE BUSIANI, xerm. *Vilarfonxe* < VILLARE ADEFONSI.
- ✓ FONTE (19 topónimos)<sup>3</sup>: *Fontefiz* < lat. FONTE FELICI, *Foguentelle* < xerm. FONTE GUNTELLI.
- ✓ BUSTU (18): *Buchaín* < lat. BUSTU FLAVINI, *Bustofreán* < xerm. BUSTU FROILANI.
- ✓ SALTU (12): *Soutillán* < lat. SALTU IULIANI, *Soutariz* < xerm. SALTU ALARICI.

<sup>3</sup> Se non hai documentación medieval é imposible determinar nalgúns casos se estas formas (e varias das que seguen) responden a este procedemento ou se son compostos romances: *fonte* + *apelido* procedente dun topónimo de posesor (*Fonte Ramil*, *Fontabuín*, *Fontealvíte*). Incluíoas aquí se foneticamente se axustan aos nomes de posesores procedentes de xenitivo. O mesmo ocorre com *casa*, *castro* e *porto*.



- ✓ CASA (12): *Cacidrón* < lat. CASA CITRONII, *Carguizoi* < xerm. CASA \*WITIOI.
- ✓ CASTRU (10): *Castrolanzán* < lat. CASTRU LANCIANI, *Castrorramil* < xerm. CASTRU RANIMIRI.
- ✓ portu (8): *Portodiz* < prer. PORTU DIDACI, *Portover* < lat. PORTU VALERII.

Con menos de cinco ocorrencias atestamos outros xenéricos, como algunhas voces prelatinas: *lama* (*Lamartín* < LAMA MARTINI), *bouza* (*Bouzamerelle* < \*BAUTTIA MIRELLI), *barcia* (*Barzamedelle* < \*VARCĪNA METELII), *coto* (*Cotomil* < \*CÖTTU MIRI<sup>4</sup>); e tamén outras latinas: *agro* (*Agruchave* < AGRU FLAVII), *val* (*Valmarín* < VALLE MARINI), *pena* (*Penamil* < PENNA ALAMIRI), *mata* (*Matafaxín* < MATTA FAGINI), *couto* (*Coutomil* < CAUTO MIRI) e *cela* (*Celavente* < CELLA VALENTE).

Os nomes compostos con elementos de orixe xermánica representan o grupo etimolóxico máis numeroso deste tipo de formacións a partir dun nome declinado en xenitivo<sup>5</sup>: chegan ao 55%, mentres que os de orixe latina representan o 39% e os prerromanos un 4%. Como xa se ten dito en repetidas ocasións, a supremacía do elemento xermánico nestas formacións (igual ca nos nomes persoais na Alta Idade Media) non é reflexo dun compoñente étnico. En palabras de Piel, “Não existe ... relação directa entre o povoamento godo (e suevo) e a actual densidade regional da toponímia germânica no NO” (PIEL, 1989, p. 155). Debemos intepretar que a poboación hispano-románica fora facendo súa a antroponimia do pobo que se apropiara da Península<sup>6</sup>, igual que máis tarde (por volta dos séculos IX e X) os nomes árabes se foran sobrepondo, na España islámica, aos anteriores nomes hispanogodos.

Estes topónimos procedentes dun nome persoal en xenitivo son datables nun arco cronolóxico reducido, pero atopamos moitos outros con datación máis imprecisa por non presentaren certas peculiaridades morfolóxicas, como a terminación casual do xenitivo latino. De forma que, sen información documental, só podemos aproximar a época de formación desde a Idade Media ata os nosos días. Por exemplo, *Basquida* (< VELASQUITA) ou *Casal de Eirigo* (< AGERICU) sabemos que son formacións medievais, romances, polos seus trazos evolutivos, por procederem do acusativo latino, pola presenza da preposición *de*, e tamén porque os nomes que portaban eses posesores deixaron de usarse despois da Idade Media. Con todo, se non sabemos por información extralingüística que *Vidavidal* (Ourense) foi un núcleo de poboación xurdido no século XX a partir do dono da casa, apelidado Vidal, poderíamos consideralo unha formación antiga, dado que o nome latino *Vitalis* foi un nome de inspiración cristiá empregado na Idade Media (e de onde vén o apelido moderno *Vidal*). Con características similares atopamos diversos tipos de construcións, que foron sistematizadas por Antón Palacio Sánchez (2017): formadas só cun nome de pía, con ou sen artigo (*A Cataliña, O Fagundo, Antoño, A Menda...*); só cun apelido, con frecuencia en plural, por designar colectivos (*Os Alvites, Os Baltares, Os Fontáns, Os Tatos...*); secuencias compostas de substantivo (+ prep.) + antropónimo (*Agrodosío, Casamuniño, Casdemendo, Casalpaio...*) ou nome + apelido (*Xan Xordo, Mencide*). Os nomes persoais máis frecuentes para a formación destes topónimos son *Pai, Roi, Martín* e *Pero*, isto é, os preferidos na Idade

<sup>4</sup> No HGN 146/13b tamén se especula coa posibilidade de que proceda do nome persoal *Gotomirus*.

<sup>5</sup> Referímonos en xeral ao caso xenitivo, tendo en conta que algúns nomes imparisílabos de procedencia xermánica derivan do acusativo -ĀNEM, que pasou a afirmarse como caso xeral, coas solucións dialectais respectivas (*Vilatán, Atán* < VILLA ATTANEM, *Fafián, Fafiá* < FAFILANEM, a carón do xenitivo-ĀNIS (> gal. *Atás*, port. *Atães*): vid. PIEL (1989, p. 157).

<sup>6</sup> No período comprendido entre os séculos VIII e XIII os nomes persoais desta orixe son maioritarios en Galicia (un 52%, nunha proporción maior conforme se recúa no tempo): vid. BOULLÓN AGRELO, 1999, p. 93.



Media, e case sempre na súa forma curta (fronte ás plenas *Paio*, *Rodrigo* e *Martín*, respectivamente) ou medieval (fronte á moderna *Pedro*).

### A antroponimia feminina

Os nomes femininos teñen algunha presenza na toponimia de orixe antroponímica (representan arredor dun 6%). E iso pese que a ideoloxía dominante “se mostraba máis que hostil para a muller”, en expresión de Adeline RUCQUOI (1978). Así o podemos ver nos textos emanados da Igrexa Romana, sobre todo tralos escritos de Tomé de Aquino, quen consideraba a muller como fonte de tentacións para o home, e de menor valor e dignidade. Esta consideración maniféstase tamén nos textos legislativos, sexa nos foros das cidades ou noutros de rango real, como as Partidas ou o Foro Real de Afonso X. A muller aparece supeditada primeiro ao pai e logo ao marido, con incapacidade para testificar en asuntos que non sexan “mujeriles”<sup>7</sup> e en ocasións con imposibilidade de herdar. Pero hai indicios que proban que a liberdade real das mulleres, polo menos na súa actuación económica, era superior á que se deduce dos foros (SEGURA GRAÍÑO, 1986, p. 131). É o que demostran os documentos privados, onde elas son nomeadas explicitamente, aparecen a carón do marido nos instrumentos de transmisión de foros ou propiedades e especificase que á hora de legar os bens as fillas son igualmente válidas á hora de herdar. Non faltan exemplos en que a muller é a protagonista do documento (tomados de TMILG):

“damos e outorgamos a uós Domingo Iohannis e a uossa muller Eluira Perez e a uosso *fillo ou filla* ...un noso casar de herdade” a.1272 DocSobTrives

“a vós Martin Fernandez de Toscayna et a uossa muller Marina Perez, en uossa uida danbos et a hún *fillo ou filla* danbos, se o ouuerdes ... fazemos preito et praço” a.1287 SClodioRibeiro

“damos a vós, Moor Fernandez et a hun vosso *fillo ou filla*, qual vos nomeardes a tempo de vossa morte a teer de nós et por nosso moesteiro en vossa vida o noso casar de Regeyra” a.1323 CDOseira

“davan a fforo aos ditos Domingos das Pedras, vizinno de Bayonna e a Maria Perez *sua muller* e a uun seu *fillo ou filla* danbos qual nomear o postrimeyro delles a sua morte ... aquela herdade e vinna ” a.1332 CDTui

“aforamos a vós, Fernán Ares, e a vosa muller Costança Rodríguez, e a hun *fillo ou filla* que ambos agades de consuu, o qual *fillo ou filla* devedes a nomear o postrimeiro de vós, ..., o noso lugar de Castrelo” a.1357 SPRocas

“avendo vós *fillo ou fillos ou filla ou fillas*, que fiquen todas estas herdades entregadas ao primeyro *fillo ou filla* legitima que vos Deus der sen embargo dos outros seus yrmaaos; et morrendo aquel sen *fillo ou filla* erdeyro que fique ao segundo, et morrendo o segundo sen *filla ou fillo* erdeyro que fique ao terçeyro despois del et asi de hu enno outro commo dito he enna lña deçendente” a.1409 (Viveiro) CDMaia

“damos a foro et a verbo a bós Fernão de Muore, vyõjno de Chåtada et a bosa muller, Ljonor Gonçalues e aha hũ *fillo ou filla* que ambos ajades de consun” a.1474 (Chantada) CDMaia

<sup>7</sup> “Toda molher uizinha filla de vizinho ou de vizinha possa testimoyar en cousas que forẽ feyas ou dictas en moyno ou en forno ou en banho ou en ryo ou en fonte ou subre fiar ou texer ou subre partos ou sobre encantamentos de molheres ou sobre seus feytos e nõ en outras cousas” (FERREIRA, 1987, p. 174).



quanto á bacca fusca que, sy se cabalgar esta sazón, que a dita Ynés Fernandes non la posa sacar de casa do dito Martiño da Lama fasta que o *fillo ou filla* seja traído” a.1520 (Celanova) DocDevOurense

Son algúns casos de coleccións documentais procedentes de diversos puntos da xeografía galega<sup>8</sup>, desde finais do século XIII ata primeiros do XVI. E son casos de mulleres do común, sen contar co peso decisivo que xogaron raíñas, aristócratas e abadesas dos mosteiros femininos<sup>9</sup>. Para perpetuaren o seu nome nos lugares que posuían, estas mulleres debían ostentar un determinado poder económico e, desde logo, a propiedade do lugar. É situación semellante á de Portugal, como recolle Iria Gonçalves:

na legislação medieval portuguesa, como, aliás, na de todos os países hispánicos da época, o acceso aos bens familiares era igual para homens e mulleres, como as heranças eran recibidas tanto do lado paterno como do lado materno. ... Assim, tratando-se de asuntos relativos à propriedade, todos tinham que ser lembrados. Do mesmo modo, nos contratos de locação que regulavam as relações entre o proprietário e o foreiro, a regra, e sobretudo quando se tratava de prédios rurais, era que fosse o casal, marido e mulher identificados pelos respectivos nomes, a assumir, em pé de igualdade, os deveres inerentes aos termos do contrato. (GONÇALVES, 2008, p. 5).

O feito de existiren nomes de posesoras (refírome ás formacións do xenitivo), isto é, con datación na Alta Idade Media, estanos informando de maneira indirecta de que as mulleres podían efectivamente ser as donas das explotacións agrarias ás que daban nome. A seguir verase en que medida constan nomes femininos na toponimia galega.

Cómpre indicar que non sempre é posible facer a identificación xenérica, posto que o resultado do xenitivo da primeira declinación latina e o da segunda conflúen en romance. En consecuencia, se non se atopan documentacións medievais, non se podería distinguir, por exemplo, se os topónimos *Freisende*, *Freixende*, *Freixinde* ou *Friosende* proceden dos xenitivos de *Fredesinda* ou de *Fredesindo* (HGN 103.16 e 17, respectivamente)<sup>10</sup>. En tales casos, dado que se documentan máis abundantemente os masculinos ca os femininos (e prescindindo agora do feito de que os nomes femininos están sempre moito menos representados na documentación), adóitase nestes casos adxudicalos a nomes masculinos. Ademais, estas formas poden confluír foneticamente con outras (a terminación xermánica – *ildi* coincide co resultado do xenitivo do sufixo latino –*ellus*). Por outro lado, os resultados modernos ás veces poden ser enganosos, como *A Axilda* (med. *domnum Anagildi* a.936 TCaaveiro) ou *Recarea* (med. *Recaree* a.1135, *Recarede* a.1140 TToxosoutos).

Como contrapartida, existen elementos onomásticos visigodos exclusivos da muller, aínda que non todos deixaron descendentes toponímicos (*-brida*, *-leova*, *-rona*, *-trudes*, *-trudia*<sup>11</sup> *-truda*, *-vara*); do resto do conxunto consérvanse moi poucos:

<sup>8</sup> Tirados do TMILG, onde se poden ver as referencias bibliográficas completas. Para as fontes latinas de Galicia a referencia é o CODOLGA.

<sup>9</sup> Para a revisión da consideración historiográfica do papel da muller na Idade Media, véxase GARCÍA-FERNÁNDEZ, 2015.

<sup>10</sup> Para a significación, uso e descendentes toponímicos destas raíces xermánicas, a referencia indispensable é sempre PIEL / KREMER, 1976, abreviado como HGN.

<sup>11</sup> Para este segundo elemento no HGN cítase o galego *Esmidroi* (< *Ermedrudia* HGN 78.22b), pero este topónimo non se recolle no NG. Tampouco está en MADOZ (1845), pero rexístrase *Fuente Esmidroy* na parroquia de Belesar, en Vilalba (Lugo) nos Nomenclátors de 1920 e 1930, e *Fonte Esmidroy* no de 1940; aparentemente desapareceu.



- ✓ -verga (port. *Singiverga* < *Sindiuerga*, ast. *Teverga* < *Teodeverga* HGN 271.4)
- ✓ -vindis (port. *Geguinte/Giguante*, *Geguintes* HGN 121.6)
- ✓ -geua (gal. *Guxeua* < *Gudigeua* 146.4)
- ✓ -vira (gal. *Xilvir* 127.12)

Ademais, a este grupo pódese engadir un sufixo feminino hipocorístico *-ilo(ne)*, moi produtivo, presente en 65 nomes<sup>12</sup>; a partir deles considero que só se poderían tirar os seguintes topónimos:

- ✓ *Faquiós* < *Fáquilo* HGN 83.4;
- ✓ *Floxón* < *Froilo* HGN 106.12. Este topónimo non se recolle no HGN, pero Palacio (1981, p. 824) relaciónao tamén con esta raíz, e as atestacións medievas apoian esta idea: *Froion* a.969 DocCoruña.
- ✓ *Quión*: para explicar este topónimo, no HGB reconstrúen *\*Quito*, *-one* 161.bc, que pode dar lugar a *Quidões* en Portugal, pero a forma galega podería proceder máis ben de *Ikilo(ne)* (HGN 149.6b), rexistrado na Idade Media: cf. “*Andreas, maritus Ikiloni*” a.944 CatLeón.
- ✓ *Reción* < *Ricilo* HGN 219.29
- ✓ *Subión*, documentado no séc. XVI e XVII como *Sebión* e *Sevión*, podería vir de *\*Sebilo*, a partir da raíz gót. *sibja* ‘parentela’, que deu lugar ó paralelo masculino *Sebila* (HGN 235.2).
- ✓ *Tiquión* < *Tequelo* 269.3; este topónimo non está recollido no HGN, pero pode retrotraerse a este nome, como apoia a documentación medieval: *Tequiloni* a.883 DocCoruña (BOULLÓN AGRELO, 1999 s.v.)

A maioría das terminacións femininas presentan equivalentes masculinos, pero con certas especificidades. Por exemplo, para o segundo elemento *-ildi* (HGN 336), que combina con 100 raíces diferentes orixinando outros tantos nomes femininos, existe o equivalente *-ildus* (HGN 337), pero figura en moitos menos nomes (HGN 337) e parece formación analóxica da feminina (PIEL 1989, 141). Neste caso, no HGN móstranse evolucións diferentes para cadansúa terminación: os femininos con palatalización, *-lle*, e os masculinos, con conservación do grupo consonántico, *-lde* (como en *Ramelle/Ramilde*, *Xonxil* < xen. de *Sonegildo* HGN 246.4) ou, en menos ocasións, *-ide* (*Daildu* > *Viladaíde* HGN 63.4, *Hermildus* > *Vilarmide*, *Armil* HGN 78.10)<sup>13</sup>. Desta raíz proceden os seguintes nomes<sup>14</sup>:

- ✓ *Baille* < “\*BADILDE f. (?)” HGN 35.3.
- ✓ *Berdelle* < “\*BERT-ILDI f. (?)” 45.3. Non se recolle no HGN, onde si consta o port. *Bertelhe*.
- ✓ *Biville* < VIVILDI HGN 316.1.

<sup>12</sup> No HGN cítanse 66, pero o 65 é un erro por *Vitila*, formado co sufixo hipocorístico masculino *-ila(ne)*.

<sup>13</sup> Nun par de casos a raíz non parece ser *-ildi*, senón *-iti*: *Vilagoncide*, de *\*Guntildus* segundo o HGN 145.12, pero está documentado *Guntitus* a.935 TSobrado; ou *Donide*, de “\**Donnildus* (?)” no HGN 68.2, pero cf. *Donnitus* a.958 TSobrado.

<sup>14</sup> Amais da información de HGN, inclúo novas atestacións para refutar ou apoiar outras hipóteses. Téñase en conta que *O Muelle* (Pontecesures, Po) non procede de MODILDI, como suxire o HGN 188.4, senón que é castelánismo recente por ‘peirao’.



- ✓ *Braille, Braelle, Brainlle* < EBRILDI HGN 69.4.
- ✓ *Brille* < BERILDI HGN 43.5. O topónimo (en Cambre, Co) non está recollido no HGN; atéstase varias veces en textos galegos: “*Berildi deo vota*” a.871 TCelanova, “*Villare Berilli*” a.916 DocCatMondoñedo (quizais *Vilabrille*, Pezós, As).
- ✓ *Bustarvelle* < ARUILDI HGN 18.4, port. *Arilhe*.
- ✓ *Cenlle* < SENILDI 240.2. É topónimo de etimoloxía discutida: Piel (1949, 190) propuxo o latín *Caelius*, e Martínez Lema (2007, p. 144-5) propuxo este nome xermánico, “atestado en documentos de Sobrado dos anos 935 e 964; *Sinildi* xa en 887”, ou ben un primeiro formante *cen-*, enraizado quizais no gót. *qino* ‘muller, esposa’. Finalmente, Bascuas (2014, §71.6.1) propón o lat. *cingulum*. As atestacións medievais, *Ceenli* a.1258, “*Santa Maria de Çeelle*” a.1289 DocCatOurense, poderían apuntar á caída dunha consoante intervocálica, e por tanto apoiar a etimoloxía xermánica, pero está en contradición coas formas medievais, con *C-* e non con *S-*.
- ✓ *Condelle* < GUNTILDI 145.11. Non está recollido en HGN.
- ✓ *Crestelle* < CRESTILLI HGN 60.1, onde Piel e Kremer parten dun híbrido co greco-latino *Christo*. Pero pode ser variante da raíz *Wistr-* HGN 314, como suxire *Guistrilli* a.1025-1040 TCelanova.
- ✓ *Delle, Denle* < DAGILDI HGN 63.3.
- ✓ *Ermille* < HERMILDI HGN 78.9b. Pero *Esmelle*, que vén recollido tamén no HGN como procedente deste nome, debe vir do nome hebreo *Ismael*, conforme as documentacións medievais (*Esmaeli, Ismael, Ismaele*: vid. BOULLÓN AGRELO, 1999 s.v.).
- ✓ *Espailde* < SPANILLI HGN 249.2.
- ✓ *Esparrelle* < SPAROILDI HGN 250.
- ✓ *Fraemelle, Fermelle* < FRAMILDI HGN 100.1: cf. *Framilli* desde a.904 TSamos, *Framildi* a.948 DocCoruña.
- ✓ *Framille* < FRAMILDI HGN 100.1 Actualmente non se rexistra no NG. Aparece no dicionario de MADDOZ (1845) no concello de Quiroga (Lu).
- ✓ *Frinle* < FREDILDI HGN 103.6.
- ✓ *Froxelle* < FROGILDI HGN 106.2. En HGN figura como procedente de FROGILDO, 106.3, pero as varias atestacións medievais de mulleres *Frogilli* (a.1011-45 TCelanova, a.1096 CDCarboeiro) e a propia evolución en *-lle* apoian a orixe nun nome feminino.
- ✓ *Guntille, Gundille, Reguntille* (*Re-* é contracción de *río*), *Gontelle, Gondelle, Gonselle* < GUNTILDI HGN 145.11.
- ✓ *Lestelle, Lamastelle* < ASTILLI HGN 26.7.
- ✓ *Lentille* < \*LINTILDI HGN 168.1; pode tratarse tamén do primeiro elemento *Nand-* (HGN 191), pois é frecuente esta vacilación (cf. infra *Lobelle-Novelle*).
- ✓ *Lobelle, Novelle* < LEOVILDI HGN 169.4. Podería proceder tamén de *Lupellus* (Piel 1949), pero *Leovildi* está moi documentado (a.842 DipAstur, *Liuuildi* a.971 TSobrado; “*Veiga de Loyvildi*” a. 1216 Santiago).
- ✓ *Manselle* < \*MANSILDI HGN 178.4; tamén podería corresponder ao cognome lat. \*MANSELL(I)US.
- ✓ *Ramelle* < RAMILLE HGN 215.5.
- ✓ *Recelle, Cacharequille* [con *cacha(da)* ‘rozada’, quizais do lat. \*QUASS-IARE] HGN 219.5; tamén *Caborrecelle* (Portomarín, Lu), que non consta no HGN.



- ✓ *Remesil* < REMESILDI HGN 220.2 Atéstase *Remesilli* a.1066 TAsantiago.
- ✓ *Roelle* < \*RODILDI HGN 224.5a, e *Roel*, que tamén pode vir de RUDIGILDI HGN 224.3.
- ✓ *Rumille, Romelle* < ROMILDI HGN 225.2.
- ✓ *Sandelle* < \*SANTILDI HGN 231.2.
- ✓ *Sarille* < SARVILDI HGN 232.1.
- ✓ *Saville* < SAVILDI HGN 227.6.
- ✓ *Seselle, Sexelle* [non no NG], *Sisenla* < SISILDI HGN 244.11.
- ✓ *Sonelle, Suínlle, Sonelle* < SUNILDI HGN 246.5.
- ✓ *Tuñlle, Toubille, Toutelle* < TEODILDI HGN 271.11 (quizais tamén *Teide*)
- ✓ *Valduíde* < \*BALD(U)ILDI ? HGN 37.5.
- ✓ *Varille* < BERILDI HGN 43.5.
- ✓ *Vilagamelle* < \*GAMILDI HGN 113.1, pero segundo Piel e Kremer podería vir tamén do xentilicio latino CAMEL(L)IUS/CAMIL(L)IUS.
- ✓ *Vilastrille* < ASTROILDI HGN 27.8.

Casos en certa forma semellantes constitúenos as terminacións femininas *-gunti* e *-gundia*, posto que o masculino *-gundus* ten moi pouca rendibilidade (HGN 335). Con este formante atopamos os seguintes topónimos:

- ✓ *Adragonte* < “\*ADRAGUNTI ?” HGN 30.3.
- ✓ *Aldegunde* < ELDEGUNTIA HGN 150.10a.
- ✓ *Argonde, Argonte, Argunte* < ARAGUNTI HGN 18.2.
- ✓ *Bagunda* < \*BADAGUNTI HGN 35.1.
- ✓ *Bragunde, Bergunde* < \*BERGUNTI HGn 43.4a. Máis tarde, PIEL (1982) considerouno procedente do nome latino *Verecundus* ‘vergoñoso, vergoñento’, por falta de atestacións medievais. Pero si existen e corroboran a etimoloxía xermánica: *Bergundi* a.969 TSamos (vid. BASCUAS 2014 §14.11.1, BOULLÓN AGRELO, 1999 s.v.).

Non incluíbles no grupo dos anteriores son *Argote* (< ARAGOTI HGN 18.3) e *Faquín*, do xentivo de *Faquina* HGN 83.6; este topónimo vén no HGN adxudicado a *Faquinus* (83.7), nome que non se documenta nos textos galegos, mentres que si hai un personaxe feminino *Faquina* varias veces nomeado no TCelanova entre os anos 917 e 1026 (e o actual topónimo *Faquín* está situado no Carballiño).

Nos nomes latinos atópanse moi poucos nomes que non constitúan a femininación doutros masculinos, de maneira que só localicei como procedentes dun nome latino de posesora os topónimos *Chamuín* e *Chamoín*, a partir do nome *Flammulina*, constatado na Idade Media só como feminino e localizado como *Flamolina* precisamente no Tombo de Sobrado, próximo ao moderno topónimo *Chamoín* (Frades, Co)<sup>15</sup>. E tamén *Mostás* (Frades,

<sup>15</sup> O xentivo sería FLAMULINAE; a evolución explicase: “Não seria, na verdade, difícil de conceber que um escriba medieval, que continuava a grafar *-ini* num tempo em que já se pronunciava *-im*, tivesse · aplicado, por velho hábito, aquela maneira de escrever num caso em que *-im* excepcionalmente não procedia de *-INI*, mas de *-INAE*, *-ine*; cf. o port. *ruim* que, segundo toda a evidência, não se filia em RUINA, mas em •IWINE” (PIEL 1947 § 140).





Co), que se pode remitir a *Mostacia*, personaxe documentado en Sobrado no séc. X, feminino dun cognome latino derivado de *mustaceus* ‘pastel de vodas’ (vid. BOULLÓN AGRELO, 1999 s.v.). A mesma orixe pode ter *Mostaz* (no Folgoso de Courel), e mesmo *A Mostaza* (Santa Comba), como procedente do acusativo, tendo en conta a atestación “casale de Mostaza” do séc. XII, do Tombo de Sobrado (CODOLGA).

En conxunto, son preto de 80 nomes de lugar procedentes de nomes femininos, case todos eles de orixe xermánica, o que representa algo menos do 4% do conxunto dos topónimos de posesores. A proporción aumenta se consideramos os nomes femininos de calquera das épocas históricas, como os medievais (*Costanza, Sancha, Mariñadona, Mariñanes, Valdorraca, Moniña, A Gudiña, Alduara, Valdesenda, Aragonza, Menda...*) ou outros que ou son claramente modernos (*Esperanza, Mercedes*), ou non son encadrables nun arco cronolóxico determinado por poderen orixinarse en calquera período romance (*María de Amido, Martiña, A Vicenta*) ou constitúen a feminización dun patronímico (*A Espariza, A Esmorisa, A Cendona*). En total, os nomes femininos constitúen algo máis dun 6% de tódolos topónimos que presentan un nome persoal na súa composición (e algo máis dun 1% do total dos topónimos clasificados).

### Os topónimos deantroponímicos nos apelidos

Os topónimos constitúen unha fonte moi importante na creación dos apelidos: en conxunto, supoñen un 73% das formas do corpus, aínda que esta cifra varía se consideramos o peso cuantitativo que ten na poboación cada unha das formas, xa que nos patronímicos hai unha enorme concentración (os dez apelidos máis frecuentes son deste tipo e comportan un 35% do total); considerando este feito, a porcentaxe dos apelidos de orixe toponímica baixa ata o 40%, o que segue a ser moi significativo (vid. BOULLÓN AGRELO, 2012, p. 185). A constitución dos topónimos en elementos significativos nas cadeas onomásticas tivo lugar despois da Idade Media, posto que nesa época o procedemento máis utilizado era o patronímico, seguido dos sobrenomes delexicais<sup>16</sup>. Os topónimos comezaron a incorporarse despois do séc. XVI e acabaron cristalizando como apelidos hereditarios coa Lei de Rexistro Civil de 1870.

Estas formas participan das mesmas características dos apelidos detoponímicos, pois presentan unha variación semellante con respecto ás formas das que proceden. En primeiro lugar, atopáanse formas castelanizadas, tanto no nivel fonético e morfolóxico (*Buján* < top. *Buxán, Meijide* < top. *Meixide, Triñanes* < top. *Triñáns, Gende* < top. *Xende, Goyanes* < top. *Goiáns, Cagiao* < top. *Caxiao, Villamor* < top. *Vilamor, Atanes* < top. *Atás, Penabad* < top. *Penabade, Cajaraville* < top. *Caxaraville*)<sup>17</sup>, como no gráfico (case sempre pola utilización de –y na vogal final de ditongo decrecente, en vez de –i: *Romay, Recarey, Permuy, Asorey, Aboy, Astray, Bascoy, Gay, Guimarey*). Existen algúns que amosan peculiaridades dos apelidos, como o engadido dunha consoante –z por analoxía cos patronímicos: *Abáldez* (de *Abalde*), *Artímez* (de *Artime*), *Gegúndez* (de *Xegunde*), ou modificacións para adecualos ao xénero do portador (*Chento*, a partir do topónimo *Chente*).

<sup>16</sup> No corpus de BOULLÓN AGRELO (1999), das secuencias antroponímicas dos séculos VIII a XIII que presentan un total de 5.518 segundos nomes, só nun 8% constan elementos toponímicos, mentres que é material nominal un 73% e o delexical un 19% (BOULLÓN AGRELO, 1999, p. 108-9).

<sup>17</sup> Cito só os dez máis frecuentes, a partir dos datos do DAG.




Por outro lado, algunhas variantes con respecto aos topónimos respectivos requiren explicacións específicas: *Gadín* presenta aférese con respecto a *Agadín de Arriba* e *Agadín de Abaixo* (Oleiros, Vilalba, Lu), lugares de onde procede. *Recioi* evolúe de maneira diverxente con respecto ao topónimo *Reción* a partir de RICILONI (do nome xermánico feminino *Ricilo*). *Piñor* dá lugar ao apelido *Piñor* e a unha variante *Piñol*. O topónimo *Racamonde*, amais do apelido *Racamonde*, orixina por etimoloxía popular *Racamonde*.

Un dos aspectos máis interesantes dos apelidos é que nos ofrecen información de topónimos desaparecidos. É o que ocorre con *Aenlle*, do que coñecemos a súa existencia pola zona de Trabada (Lu) no Catastro de Ensenada (séc. XVIII) e pola súa pervivencia como apelido na mesma zona (nordeste da provincia de Lugo). Ou *Guillín*, cognado do topónimo portugués *Guilhim* (Faro), de orixe xermánica, que testemuñamos na mesma área ca hoxe (comarca de Xallas-Co e arredores) en cadeas onomásticas que delatan a súa procedencia toponímica desde o séc. XVI: *Inés de Guillín* a.1583, veciña de San Mamede de Bazar (Santa Comba, Co), *Domingo de Guillín* a.1632, *Francisca Guillín* a.1856, de San Mamede de Bazar AHUS. O mesmo ocorre con *Gulín*, *Omil* ou *Romalde*.

Os apelidos que representan topónimos de posesores non proceden necesariamente dos núcleos máis importantes nin dos máis repetidos. Entre eles, o que deixou máis apelidos é *Padín* (< PALATINI, xenitivo do nome latino de poseedor *Palatinus*), que dá nome a oito localidades en Galicia (tres en Pontevedra e A Coruña e dúas en Lugo). A distribución polo territorio deste apelidos ofrece información dos movementos internos da poboación. Podemos ver que estes apelidos teñen unha orixe polixenética, é dicir, de núcleos distintos, posto que hai varias áreas ben diferenciadas: unha na península do Salnés, procedentes do topónimo do concello de Campo Lameiro, outra no litoral da comarca de Ferrol, do lugar homónimo de Valdoviño (véxase a Figura 1, onde os topónimos citados están marcados cunha estrela de catro puntas); tamén hai bastantes na comarca de Ordes, sobre todo en Cerceda, pero hoxe non se rexistra pola zona ningún lugar así chamado, quizais porque desaparecese. E como moitos topónimos galegos, a partir do seu lugar de procedencia, cruzou o océano e hoxe ten máis portadores fóra de Galicia: en primeiro lugar, na Arxentina; despois, en Galicia, Filipinas, Puerto Rico, EEUU e Brasil, amais doutros países, sobre todo americanos (vid. FOREBEARS). A variante *Paadín*, que reflicte na súa grafía a pronuncia antiga, debe ser unha variante do topónimo do Valdoviño, pois os seus portadores están moi concentrados en Ferrol.



**Figura 1. Apelido *Padín* en Galicia (4.602 ocorrencias)**



Fonte: CAG

No corpus do DAG detectamos máis de 800 apelidos procedentes de nomes de posesores, o que representa un 12% do total dos apelidos estudados. Indicamos a seguir os que teñen unha frecuencia maior das mil ocorrencias, ordenadas alfabeticamente segundo o seu étimo e agrupados por orixe. Entre paréntese engádesse o topónimo de que procede cando ten forma diferente:

De orixe xermánica: *Abalde, Aldao* (de *Aldán*), *Alvite, Amil, Argibay* (*Arxibai*), *Baamonde/Vaamonde, Brandariz, Cendán, Cendón, Esmorís, Espasandín, Gondar, Meilán, Permuy* (*Permui*, a partir do topónimo *Bermui*), *Ramil, Ramilo, Recarey* (*Recarei*), *Roel, Rosende, Sande, Segade, Sendón*.

De orixe latina: *Abuín, Amorín, Andrade, Añón, Bugarín, Buján* (*Buxán*), *Caride, Carou, Ces, Chaves, Marín, Meijide* (*Meixide*), *Millán, Moure, Mourelle, Padín, Pampín, Penín, Piñón, Romay* (*Romai*), *Triñanes* (*Triñáns*), *Villamarín* (*Vilamarín*).

### Os haxiotopónimos

Os nomes dos santos teñen unha especial incidencia na toponimia de Galicia, como reflexo da enorme influencia da Igrexa católica na sociedade. Constitúen arredor dun 5% do total de tódolos topónimos, menor cós que conteñen orixe nun nome persoal (21%)<sup>18</sup>. É ben

<sup>18</sup> Aumenta a pegada relixiosa na toponimia se se lles engaden outros elementos léxicos pertencentes a esta área semántica: *Eirexa* e tódolos descendentes de *ECCLESIA* e demais edificios (vid. SANTAMARINA, 2008) e as profesións ou cargos con ela vinculados: *Freire(s), Frades, Abade, Mociños* (< lat. *MONACHINOS*), *Mogor* (<lat. *MONACHORUM*), etc.



sabido o papel da parroquia como elemento vertebrador do territorio, do que é proba o chamado *Parroquial Suevo* ou *Divisio Theodomiri*, de finais do séc. VI (vid. Pierre David 1947). Este documento mostra que nesa época se consolida a rede episcopal, arredor das sés de Lugo, Iria, Tui, Ourense e Bretoña, todas elas, agás a última, en ámbitos urbanos. Os estudos históricos apuntan a que hai unha gran continuidade entre os asentamentos rurais tardorromanos e os poboamentos tradicionais rurais (SÁNCHEZ PARDO 2013). Nas parroquias, amais da particular advocación que cada unha ten, é relativamente frecuente na súa denominación o nome dun santo (aproximadamente nun 10% dos casos<sup>19</sup>). Cando coincide coa advocación, o nome da parroquia adoita ter unha forma máis evolucionada: *Santiorxo* (*San Xurxo*), *Santiso* (*San Tirso*), *Seoane* (*San Xoán*), e, ademais, o haxiotopónimo pode ser “denominación exclusiva (*San Martiño*, *Santalla*, *Seoane*...) ou ben primeiro elemento dun composto (*San Cibrao das Viñas*, *Seoane de Arcos*, *San Cristovo do Az...*)” (NAVAZA 2009, p. 182).

Os santos máis antigos son mártires do séc. III como *San Lourenzo*, *San Cibrán* ~ *San Cibrao* ~ *San Cibrá* (<lat. CYPRIANUS) e *Santa Comba* (virxe galo-romana martirizada no sur de Hispania), *Santa Baia* ~ *Santaballa* ~ *Santalla* ~ *Santoalla* (<gr.-lat. EULALIA), a máis popular das santas hispánicas; *San Fiz* ~ *San Fins* (<lat. FELIX); *San Xiao* ~ *San Xián* ~ *San Xillao* ~ *San Xiá* e o cultismo *San Xulián* (<lat. IULIANUS). É do séc. VI bispo de Tours, *San Martiño* (ou *San Martín*), fomentado por san Martiño de Dumio, desde Braga. O culto a Santiago é necesariamente posterior á *inventio* do sepulcro, no séc. IX, e o de san Paio á época do seu martirio, no X. É salientable Santa Mariña, un dos nomes máis comúns na Idade Media galega, e unha das advocacións que máis abundan (109 parroquias, haxiotopónimo en 14 delas, nome de 32 lugares). Son varias as santas veneradas con este nome en Galicia (a de Augasantas e a de Covelas en Ourense, ou a de Obre na Coruña: véxase o DNG. Obxecto de grande devoción, esta santa non é recoñecida oficialmente como tal pola Igrexa Católica. Segundo o meu parecer, o nome non vén do latín MARINA (feminino de MARINUS), senón que pode ser unha variante hipocorística do nome María, tal como parecen indicar os datos medievais (BOULLÓN AGRELO, 1999 s.v.). É fácil pensar que as orixinais advocacións marianas se converteron nunha santa Mariña á que despois se lle agregou unha historia.

O índice de frecuencia das advocacións (indicamos as dez primeiras: santa María, san Pedro, Santiago, san Martiño, san Xoán, san Salvador, san Miguel, santa Baia, san Xiao, santa Mariña), non coincide co dos haxiotopónimos (*San Vincenzo* 32, *San Pedro* 23, *Santa Baia* (e variantes) 21, *San Xoán* (coas variantes *Seoane* ~ *Seivane* ~ *Savane* ~ *Sevane*) 20, *San Cibrán* (ou *San Cibrao*) 18, *San Salvador* 16, *San Mamede* (ou *San Amedio*, *San Nomedio*, *San Domedio*, *Somede*) 14, San Miguel 14, *Santa María* 14, *Santa Mariña* 14), porque houbo cambios nos santos titulares das parroquias ao longo da historia.

Estes topónimos entraron tamén no corpus dos apelidos: atéstanse 99 variantes no corpus para o DAG (aquí indícanse só as entradas principais, prescindindo das variantes). Entre eles figuran santos con pouco reflexo antroponímico na Idade Media porque o seu culto comezou a fomentarse a partir do Concilio de Trento (séc. XVI), como é o caso de *Xosé*:

*Madalena, Sambréixome, Sampaio, Sampedro, Sampil, San Domingo, San Emeterio, San Fiz, San Isidro, San Luís, San Mamede, San Miguel, San Millán, San Román, San Segundo, San Vicente, San Xil, San Xosé, San Xurxo, Sancosmede, Sanmarco, Sanmartiño, Santa Clara, Santa Cruz, Santa Eufemia, Santa María, Santa Mariña,*

<sup>19</sup> Este dato e a maior parte da información sobre as parroquias están tirados de NAVAZA (2009), o principal traballo sobre o asunto. Para a haxiotoponimia, a referencia é PIEL (1949, 1950).



*Santa Marta, Santalla, Santana, Santas Mariñas, Santiago, Santiso, Santoandré, Santomé, Sanxiao, Seoane*

Ademais, na renovación dos nomes propios que ocorreu en Galicia a partir do último cuarto do século XX (coincidindo coa chegada da democracia e tras a eliminación da imposición legal de escoller nomes exclusivamente en español), os nomes tradicionais constituíron un importante recurso na escolla dos nomes; e estes nomes tradicionais pervivían na fala oral fundamentalmente na haxiotoponimia (vid. BOULLÓN AGRELO, 2016). É o caso de *Uxía* (gr.-lat. EUGENIA), *Alla* ou *Baia* (<gr.-lat. EULALIA), *Comba* (< lat. COLUMBA), *Mariña*, *Madanela*, *Vicenzo*, *Xenxo/Xes* (<lat. GENESIUS), *Cibrán* (<gr.-lat. CUPRIANUS), *Xurxo* (<gr.-lat. GEORGIUS), *Tomé* (< gr.-lat *Thomae*) e *Fiz* (< lat. FELICEM) -estes catro últimos tamén apelidos-, así como as variadas formas do nome do apóstolo Santiago: *Xacobe*, *Xacobo*, *Xaime*, *Iago*, *Xácome*.

## Conclusións

Os topónimos procedentes de nomes persoais constitúen unha parte porcentualmente importante dentro do corpus da toponimia galega, posto que, en conxunto, ascenden a máis do 21% do total. En tódalas épocas históricas se utilizaron nomes dos habitantes ou propietarios para nomear lugares, pero entre eles son especialmente salientables os chamados nomes de posesores (16%). Algúns deles datan na época galaico-romana, os constituídos co sufixo latino -ANA, e outros, os máis numerosos e característicos do territorio do noroeste hispánico, formados entre os séculos VII e XI, derivan case sempre do xenitivo casual latino, morfoloxía á que se adaptaron os moitos antropónimos xermánicos adoptados polos habitantes da Galicia altomedieval. Os actuais nomes de lugar que proceden deste tipo de formacións son, na súa maioría, de orixe etimolóxica xermánica (un 55%), fronte a un 39% de nomes latinos. Case todos eles se remontan a nomes masculinos, pois non chega ao 4% os que proceden dos femininos (e corresponden a menos do 1% do total). Se consideramos os nomes de muller que deron lugar a un topónimo en calquera época histórica, a porcentaxe ronda o 6%.

Os nomes de santos xeraron un 5% dos topónimos, e obviamente reflicten a influencia do cristianismo na nosa sociedade. Moitos deses haxiotopónimos convertéronse en apelidos e mantiveron as formas galegas dos nomes, que na vida civil foron substituídas polos equivalentes casteláns. Nos últimos anos foron tamén unha das fontes á que a sociedade recorreu para renovar o elenco dos nomes propios.

Dos habitantes da Galicia altomedieval non só chegou ata hoxe unha considerable cantidade de nomes de persoa, senón que moitos deles se converteron en nomes de lugar, que pola súa banda se habilitaron como apelidos e ás veces rescatáronse para volver ser utilizados como nomes de persoa. Varios posesores altomedievais chamados *Rudesindo* nomearon cadanseu lugar en Galicia (6 na Coruña, 9 en Lugo, 2 en Pontevedra), e a partir deles xurdiu o apelido *Rosende* que hoxe portan case 2.000 galegos e aínda máis persoas na Arxentina, Chile, Filipinas, Brasil e outros países. A Eulalia do século III fixérona santa e de aí procede *Santalla*, suxeito de devoción e nome de lugar, de onde o apelido *Santalla*; máis tarde, *Alla* e *Baia* foron recuperados para nomear rapazas no século XXI. Nomes de persoas e de lugares móstrannos as súas rutas vizosas e as súas converxencias polo espazo e o tempo.



## REFERENCIAS

BASCUAS, E. *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade de Vigo, 2014.

BOULLÓN AGRELO, A. I. *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Niemeyer, 1999.

BOULLÓN AGRELO, A. I. Aspectos metodolóxicos para o estudo dos apelidos detoponímicos na Galícia. *Quaderni di Semantica. Rivista internazionale di semantica teorica e applicata* 33/1, p. 183-204, 2012.

BOULLÓN AGRELO, A. I. Os nomes galegos no século XXI. In: GONZÁLEZ, Manuel (ed.): *Lingua, pobo e terra. Estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2016, p. 191-212.

BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel. O artificio das etimoloxías: elementos constitutivos da toponimia galega. In: *IV Congreso Internacional de Linguística Histórica*. 17-21 de julho 2017. (no prelo)

CAG = BOULLÓN AGRELO A. I., SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en: <http://ilg.usc.es/cag/> Acceso en 5 set. 2017.

CODOLGA = *Corpus Documentale Latinum Medievale Gallaeciae*. Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades. Santiago de Compostela. Dispoñible en: <http://corpus.cirp.es/codolga/buscas.html> Acceso en 5 set. 2017.

DAG = BOULLÓN AGRELO, A. I. (coord.), MÉNDEZ, Luz, NAVAZA, Gonzalo, PALACIO, Antón. *Diccionario dos apelidos galegos*. [En preparación]

DAVID, Pierre. *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VIe au XIIe*. Lisboa: Institut Français au Portugal, 1947.

DNG = FERRO RUIBAL, Xesús (dir.) / BOULLÓN AGRELO, A. I / LEMA, J. M. / TATO PLAZA, F. R. / GARCÍA, J. M. *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo, 1992.

FERREIRA, J. de Azevedo. *Afonso X. Foro Real*. Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica, 1987.

FOREBEARS = Surnames Meanings, Origins & Distribution Maps. Dispoñible en: <http://forebears.io/surnames> Acceso en 5 set. 2017.

GARCÍA-FERNÁNDEZ, M. Patrimonio, memoria y religiosidad medievales más allá de la Edad Media. Las mujeres en el Tumbo Viejo Becerro de los dominicos de Pontevedra (Galicia). *Territorio, Sociedad y Poder*, nº 10, p. 17-38, 2015.



GONÇALVES, I. Notas sobre a Identificação Social Feminina nos finais da Idade Média. *Medievalista* ano 4, nº 5 2008. Disponível em: [http://www.fcs.unl.pt/iem/medievalista/MEDIEVALISTA5/medievalista-iria.htm#\\_ftn11](http://www.fcs.unl.pt/iem/medievalista/MEDIEVALISTA5/medievalista-iria.htm#_ftn11) Acesso: 5 set. 2017

HGN = PIEL, J. M.; KREMER, D. *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter, 1976.

MADOZ, P. *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid: Est. Literario Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti, 1845.

MARTÍNEZ LEMA, P. Nomes de poseedor na toponímia do concello de Begonte (Lugo). *Revista Galega de Filoloxía* 8, p. 125-155, 2007. Disponível em: [http://ruc.udc.es/dspace/bitstream/2183/7581/1/RGF\\_8\\_art\\_4.pdf](http://ruc.udc.es/dspace/bitstream/2183/7581/1/RGF_8_art_4.pdf)

NAVAZA, G. Parroquias e toponímia. In: GARCÍA PAZOS, F. (coord.): *A parroquia en Galicia. Pasado, presente e futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2009, p. 181-201. Disponível em: [http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/publicacions/DR/A\\_Parroquia\\_en\\_Galicia.pdf](http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/publicacions/DR/A_Parroquia_en_Galicia.pdf)

NG = COMISIÓN DE TOPONIMIA DA XUNTA DE GALICIA. *Nomenclátor de Galicia*. Xunta de Galicia, 2003. Disponível em: <http://www.xunta.es/nomenclator/index.htm>

PALACIO SÁNCHEZ, X. A.: *Toponímia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago, 1981.

PALACIO SÁNCHEZ, A. Antropónimos en topónimos galegos. In: BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (ed.). *Estudar toponímia: aproximacións metodolóxicas e interpretativas*. Anexo 75 de *Verba*. *Anuario Galego de Filoloxía*. Universidade de Santiago de Compostela, 2017, p. 115-136.

PIEL, J. M. Os nomes dos santos tradicionais hispânicos na toponímia peninsular. *Biblos*, n. 25, p. 287-353, 1949; n. 26, p. 281-314, 1950.

PIEL, J. M. Toponímia germânica da Península Ibérica. In: PIEL, Joseph M. *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa*. Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1989, p. 129-157.

PIEL, J. M. Respiga de antroponímia galega de origem latina. *Verba* 9, p. 125-152, 1982.

RUCQUOI, A. Historia de un tópico: la mujer en la Edad Media. *Historia* 16 n. 21, p. 104-113, 1978.

SÁNCHEZ PARDO, J. C. Iglesias y dinámicas sociopolíticas en el paisaje gallego de los siglos V-VIII. *Hispania* 73, n. 243, p. 11-50, 2013.



SANTAMARINA, A. A pegada relixiosa na toponimia galega. I. Edifícios relixiosos. In: AXEITOS, X. L., GRANDÍO SEOANE, E., VILLARES, R. (eds.). *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Real Academia Galega/Universidade de Santiago, 2008, p. 935-949.

SEGURA GRAÍÑO, C. Situación jurídica y realidade social de casadas y viudas en el medioevo hispano (Andalucía). In: FOURGUERNE, Yves-René, ESTEBAN, Alfonso (coords.). *La condición de la mujer en la Edad Media: actas del Coloquio Hispano Francés celebrado en la Casa de Velázquez del 5 al 7 de noviembre de 1984*. Madrid: Casa de Velázquez, 1986, p. 121-134.

TMILG = VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponível en: <http://ilg.usc.es/tmilg>. Acceso en: 12 set./12/2017.

*Recebido em 02/10/2017*  
*Aprovado em 20/12/2017*